



INFORMACIÓN IMPORTANTE. CAMPAÑA VERÁN 2018

Baseándonos na experiencia acumulada, pasamos a expoñer certos aspectos que é necesario cumprir para o bo funcionamento das actividades da campaña de verán:

1. Un menor de idade só poderá abandonar a actividade se o fai acompañado dun dos seus pais, titor ou persoa responsable, ou no seu caso, acompañado do monitor, que ademais deben asinar o oportuno documento de abandono da actividade que lles será facilitado polo equipo de monitores responsable da actividade.
2. Para poder participar en calquera das actividades da “Campaña de verán”, será indispensable facilitar, polo menos, un número de teléfono no que, durante as 24 horas de cada un dos días que dure a actividade, se poida localizar a un responsable do/a participante para poder comunicarlle calquera incidencia que se produza.
3. Durante o transcurso de todas e cada unha das actividades da “Campaña de verán” queda expresamente prohibido facer piercings, tatuaxes ou calquera outra práctica que supoña algún tipo de risco para a saúde.
4. Co fin de favorecer a convivencia e o bo desenvolvemento das actividades, débense respectar unhas normas mínimas de comportamento nos campamentos por parte de todos e cada un dos participantes. Será expulsado da actividade calquera participante que non teña un comportamento axeitado ás actividades propias dun campamento, como poder ser entre outras: agredir, insultar ou menosprezar aos demais participantes ou ao resto das persoas que compoñen o campamento, roubar, estar en posesión de bebidas alcohólicas ou drogas ou calquera comportamento impropio da sensata convivencia nunha actividade relacionada co tempo libre.
5. Se o/a participante na “Campaña de verán” non está cuberto pola Seguridade Social, pero si ten un seguro privado, é necesario que asista á actividade co seu propio talonario de receitas, para que, no caso de que sexa preciso, se lle poda administrar un medicamento para calquera enfermidade.
6. No caso das actividades que se leven a cabo fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, no ámbito dos intercambios con outras comunidades autónomas, o autobús terá como punto de saída Santiago de Compostela, lugar ao que deben acudir todos os participantes para coller o autobús. Santiago de Compostela será tamén o punto de chegada, a el deben acudir os pais para recoller aos seus fillos. Ningún participante poderá abandonar o autobús ata a súa chegada a Santiago de Compostela.
7. As decisións do persoal sanitario deber ser respectadas por todos, e tanto participantes como pais e a administración debemos colaborar activamente co fin de cumprilas. Se a citada decisión leva consigo a necesidade de abandonar a actividade anticipadamente, os pais deberán acudir ao lugar onde se atope o participante para recollelo.
8. A actividade seleccionada debe ser axeitada á condición física do participante.
9. A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado non se fará cargo do roubo dos efectos persoais dos/as participantes, polo que é aconsellable non levar obxectos de valor aos campamentos (teléfonos móbiles, cartos, xoias, cámaras fotográficas dixitais, mp3....)
10. De acordo co establecido no Lei do 28 de decembro de 2005, sobre medidas sanitarias fronte ao tabaquismo, non está permitido fumar nas instalacións dos campamentos e albergues.